



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN DAS ESPECIES DE NÁIADES AMEAZADAS EN GALICIA.

(1) A Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da administración autonómica, que, en virtude do establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, ten atribuída a competencia en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos e a súa preservación para as xeracións futuras; a xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres e a promoción da defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen, entre outras, sen prexuízo das competencias atribuídas a outros órganos.

Doutra parte, a Universidade de Santiago de Compostela, representada por Antonio López Díaz en calidade de reitor, de acordo co Decreto 35/2022, do 17 de marzo, actuando en nome e representación da mesma e con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e no artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

(2) Antecedentes. O artigo 27.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia faculta á Xunta de Galicia para levar a cabo aquelas accións que considere necesarias para a protección, conservación e mellora dos recursos naturais e a adecuada xestión dos espazos naturais, da flora e fauna silvestres, da paisaxe e dos elementos singulares da xea de Galicia que polo seus valores e interese científico, paisaxístico, cultural e histórico requiran unha especial atención.

Ao abeiro do anterior promulgáronse os Reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, 1234/1983 do 20 de abril, e 1535/1984, do 20 de xuño, de traspaso de funcións e servizos á comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da



Biodiversidade, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

Por outro lado, a Universidade de Santiago de Compostela (en adiante, USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, estando interesada en colaborar con outras entidades para asegurar un dos fins da formación e da investigación, que é a transferencia de tecnoloxía no eido da xestión do medio natural co obxecto de manter ou, no seu caso, mellorar a súa funcionalidade ecolóxica.

(3) Finalidade. Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa USC o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde 16 de outubro de 2023 e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro de 2026.

(4) O convenio ten por **obxecto** establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a USC para o desenvolvemento de actuacións de conservación das especies de náíades ameazadas en Galicia.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia segunda e consellería, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, ten competencia para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente, e adoptará as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

Por outro lado, a USC é unha institución pública que a través do Grupo de Investigación COPEMOL "Conservación de Peixes e Moluscos" ven desenvolvendo unha liña de investigación baseada na bioloxía da conservación de peixes e moluscos e especialmente centrada nas náíades ameazadas de Galicia.

Margaritifera margaritifera (Linné, 1758) está incluída nos anexos II e V da Directiva 92/43/CEE, do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, anexos nos que se inclúen as especies animais e vexetais de interese comunitario para cuxa conservación é necesario designar zonas especiais de conservación (ZEC) e aquelas que poderían ser sometidas a medidas de xestión para ser explotadas ou recollidas na natureza, respectivamente. Asemade a



especie está incluída na categoría “En perigo de extinción” dos Catálogos español e galego de especies ameazadas.

Unha das medidas de xestión desta especie ameazada desenvolvida con éxito anteriormente en Galicia consiste na produción de exemplares xuvenís en instalacións *ex situ* para permitir o reforzamento das poboacións máis sensibles desta especie.

A CMATV xestiona, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, o Centro ictioxénico do Veral (Lugo), no que se obteñen e crían salmónidos autóctonos destinados á repoboación nos ríos galegos e no que se desenvolve desde o ano 2012, en colaboración coa USC, un proxecto para iniciar o ciclo reprodutivo de *Margaritifera margaritifera*, que pode servir ademais de referencia metodolóxica para desenvolver actuacións similares con outras especies náíades, que teñen ciclos biolóxicos moi semellantes.

Por todo o anterior, entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio.

Todo o que se fai constar para os efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Vicepresidencia segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de **cento cincuenta e dous mil cincocentos euros (152.500 €)**, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e coa seguinte distribución de anualidades que se indica a continuación, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia (fondos propios):

Aplicación orzamentaria	Anualidade 2023	Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026
08.03.541B.444.0 (código proxecto 2016 00362)	2.500 €	50.000 €	50.000 €	50.000 €





Esta achega, que supón o 58,44% do importe total do proxecto, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado dixitalmente

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén María do Campo Piñeiro

